



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Xacobeo 21-22

CIRCULAR Nº 2

Tempada 21-22 – Ano 2021

Federación Galega de Patinaxe

Destino: Delegados/as COVID dos clubs.

Asunto: Medidas alternativas ao uso das mascararas.

O pasado 8 de novembro a Secretaría Xeral para ou Deporte procedeu ao visado das modificacións no Protocolo Físicovid desta federación. Estas modificacións inclúen as medidas alternativas ao uso da máscara. Ante algunhas dúbidas expostas no seo da federación sobre o procedemento para seguir no cumprimento do protocolo, procedeuse a consultar de novo ao órgano deportivo da Xunta de Galicia.

O aspecto principal da consulta incumbe ao manexo dos datos referidos aos certificados de vacinación ou de recuperación, xa que se consideran datos confidenciais e sensibles na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

A Secretaría Xeral para ou Deporte infórmanos de que os delegados COVID dos clubs non teñen que arquivar nin recibir os certificados, senón que soamente deben serlles amosados polos/as patinadores/ as do seu club. De este modo os delegados Covid poden levar un rexistro da situación de cada deportista, en canto ao uso da máscara ou á medida alternativa correspondente. Este rexistro é o que pode mostrarse, previo á competición, ao delegado COVID do equipo rival, a título informativo, sen aportar en ningún caso os propios certificados. Con este procedemento non se poñerá en risco a protección dos datos.

En A Coruña a 17 de novembro de 2021.

Federación Galega de Patinaxe